Exercicios de apoio sobre os gobernos democráticos. Quincena 4ª

1. Elabora unha pequena biografía política destes personaxes:

- Felipe González
- José María Aznar
- Leopoldo Calvo Sotelo
- José Luís Rodríguez Zapatero.

2. Sintetiza:
2.1. Fai un esquema das diferentes etapas políticas do goberno do Partido Socialista Obrero español e que problemas tivo que enfrontar?
2.2. Que transformacións coñeceu a sociedade española nas últimas décadas?

3. Mira estas imaxes que fan referencia a fitos importantes dos gobernos democráticos da transición e ponlle a cada unha un pé de foto e unha data.

1



2

3

Felipe González:
Político do Partido Socialista. Afiliouse ao partido en 1964, traballando na clandestinidade. Secretario xeral desde 1874, participou nas negociacións para a reforma democrática. Logrou dar ao partido unha imaxe moderada que fixo que o PSOE lograra ser a primeira forza do país entre 1982 e 1996 e el foi presidente do goberno. Os escándalos de corrupción e a presión do Partido Popular acabaron coa perda das eleccións de 1996 e a súa renuncia á reelección como secretario xeral do partido.

José María Aznar:
Político, deputado de Alianza Popular e presidente de Castilla y León. En 1990 converteuse en presidente do Partido Popular e en 2996 foi xefe do goberno, cargo que ocuparía ata 2004. O mandato de Aznar caracterizouse por unha estrita política económica de corte neoconservadora e unha aliñación en política exterior con Estados Unidos que nos levou a entrar nos conflitos bélicos de Iraq e Afganistán.

Leopoldo Calvo Sotelo:
Participou nos Plans de Desarrollo franquistas. Tras ser procurador en Cortes, exerceu como ministro de Comercio e logo de Obras Públicas no goberno de Arias Navarro. Foi un dos fundadores da UCD, e desempeñou varios cargos no partido antes de substituír a Suárez como presidente do goberno en 1981, ata o triunfo do PSOE en 1982.

José Luís Rodríguez Zapatero:
Político do PSOE que en 1986 obtivo un escano pola provincia de León. En 2000 substituíu a Joaquín Almunia como secretario xeral do PSOE e en 2004 foi elixido presidente do goberno e reelixido en 2008. Durante a súa presidencia ordenou a retirada das tropas españolas de Iraq, levou a cabo unha serie de reformas lexislativas de carácter social, como a Lei de Igualdade, a Lei de Dependencia, etc. e tivo que facer fronte a unha grave crise económica.

2. Respostas ao exercicio 2:

2.1. Fai un esquema das diferentes etapas políticas do goberno do Partido Socialista Obrero español e que problemas tivo que enfrontar?
O goberno do PSOE tivo como principal obxectivo superar a crise económica que vivía o país, ao tempo que liquidou de modo definitivo os últimos elementos do franquismo.
Medidas:

- Buscou pactos cos poderes franquistas (exército, Igrexa e poderes económicos) evitando a confrontación aínda que supuxera renunciar a algúns dos obxectivos do partido.
- Logrou poñer ao exército ao servicio do poder civil, despois de reducir a o seu persoal.
- Realizou reformas económicas consistentes nunha política de reconversión industrial e na racionalización da administración pública, o que foi posible co acordo dos sindicatos.
- Estimulación da inversión privada conseguindo reducir a inflación; conducindo a un crecemento económico e a un descenso do número dos parados.

- Desenvolvemento do Estado de Benestar en España, estendendo o sistema de pensións, xeneralización da ensinanza pública e gratuíta e cobertura do desemprego.
- Normalización das relacións internacionais, cun acercamento militar aos Estados Unidos (ratificación da pertenza á OTAN) e a integración económica en Europa (ingreso na Comunidade Económica Europea)

A finais dos oitenta, o PSOE empezou a perder a súa hexemonía pola conxunción dos elementos seguintes:
- perda de apoio dos sindicatos maioritarios, convocantes da folga xeral en 1988
As disensións cos sindicatos debéronse a súa oposición ante unha política socialista, que no período de crecemento económico, primara o beneficio dos empresarios en detrimento dos salarios e dun maior gasto social.
Como consecuencia, o PSOE pactou cos sindicatos un aumento das pensións e da cobertura ao desemprego, o que lle valeu a oposición da patronal e de parte das clases medias.
O partido ademais, tivo que facer fronte a unha serie de escándalos: presunto apoio ás actividades do GAL, casos de corrupción (Filesa, Juan Guerra, Luís Roldán) A elo sumáronse as divisións no partido a causa das disensións por parte do sector guerrista Estes elementos foron usados polo PP para desprestixiar ao goberno, e se lles sumou a continuación na política de concesións sociais aos traballadores nun momento de desaceleración económica, o que propiciou un xiro das clases medias, que desde 1996 darían o seu apoio aos populares.

2.2. Que transformacións coñeceu a sociedade española nas últimas décadas?
As transformacións da sociedade española nas tres últimas décadas foron as seguintes:
- *Cambios demográficos*: España pasou de ser un país emisor de emigrantes a receptor de inmigración. Elo ten que ver coa conversión do país nun estado de benestar e á mellora do nivel de vida e das condicións laborais, cun notable desenvolvemento da industria e , sobre todo dos servizos.

- *Cambios económicos*: produciuse unha expansión económica coa creación de emprego. Transformouse o mercado laboral, cun aumento da influencia do sector terciario en detrimento do primario. E progresouse na incorporación das mulleres ao traballo asalariado.

-*Transformacións culturais:* produciuse un cambio na estrutura familiar, co xurdimento de modelos alternativos (monoparental, parellas de feito, parellas homosexuais,etc.). cambiou o papel das mulleres na sociedade, coa masiva incorporación feminina ao mercado laboral. Empezouse a tomar conciencia e a loitar contra o problema da violencia doméstica.
Dentro do campo educativo, acadouse a plena escolarización e erradicouse o analfabetismo na sociedade española. Xeneralizouse tamén o acceso á universidade.
Produciuse unha secularización da sociedade española, na que a Igrexa perdeu influencia (matrimonios civís, etc.)

3. Solución ás imaxes:
1. Triunfo do PSOE na eleccións xerais de 1982
2. Manifestación de traballadores de Ascón. Vigo. 1985. (Reconversión industrial)
3. Manifestación contra a guerra de Iraq en Santiago de Compostela. 2003